

CONCELLO
DE VIGO



Axenda *Imaxina Sons*'15

SÁBADO 27 DE XUÑO

13:00 h. Jazz fóra de lugar. Dani Font Trío. *Detrás do MARCO.*
Entrada libre

21:00 h. Carlos López. "Letters from København". *Auditorio Municipal do Concello de Vigo. Entrada: 5 euros*

COMENTARIOS

O batería Carlos López trae o sábado 27 ao *Imaxina Sons* as súas cartas desde Copenhague

"Jazz fóra de lugar" arranca na rúa Londres ás 13h con Dani Font Trío

A segunda xornada do Festival de Jazz de Vigo *Imaxina Sons* 2015 trae á cidade a un dos músicos de jazz de maior prestixio tanto en Galicia como no resto da península. O batería Carlos López co seu novo proxecto "Letters from København" protagoniza a xornada do sábado 27 de xuño cun concerto no Auditorio Municipal do Concello ás 21h. As entradas teñen un prezo de cinco euros. Antes, en horario sesión vermú, arranca o "Jazz fóra de lugar" con Dani Font Trío na rúa Londres a partir das 13h.

A música de Carlos López caracterízase por facer gala dun espírito ecléctico e aberto á hora de entender o jazz. Logo de formarse en Barcelona e Nova York, crea o seu propio cuarteto co que rexistra en 2006 a súa primeira gravación homónima conseguindo gran repercusión ademais dalgún que outro premio de composición. Baixo o seu alter ego "The Last Minute Experience", publica posteriormente dúas novas gravacións (The Last Minute Experience e Low Cost Generation) e penétrase no terreo da fusión, nutréndose de rapeiros e DJ.

"Letters from København" é a súa última gravación como líder e tamén o froito da súa última aventura, esta vez por diferentes capitais europeas. Neste último traballo aflora a súa frutífera experiencia ao interaccionar e convivir con músicos de diferentes nacionalidades. O polaco Maciek Kadziela, o sueco Joel Illerhag e o galego Xan Campos -tamén inmerso nunha fecundo periplo europeo-, conforman a quintaesencia por el

**CONCELLO
DE VIGO**



escolliada de entre un nutrido grupo de músicos cos que colaborou na capital danesa.

As súas composicións manifestan unha clara deriva cara á tradición do jazz europeo e incluso do free jazz cultivado no vello continente, sen abandonar por iso claras referencias a Coltrane ou Monk. Con este xiro copernicano Carlos López confirma a súa veta como creador inqueda e cultivador dun interesantísimo jazz de autor, o jazz que demandan os nosos días. En Vigo, xunto a el, Voro García, trompeta, Sampo Kasurinen, saxo tenor e soprano, Joel Illerhag, contrabaixo, e Xan Campos, piano.

O jazz de Vigo e a súa contorna volverá a tomar rúas e terrazas con "**Jazz fóra de lugar**" que arranca o sábado 27 ás 13h na rúa Londres e o concerto de Dani Font Trío. Natural de Vigo, o guitarrista Dani Font é unha nova promesa procedente da nova xeración de músicos de jazz da cidade. Gradúase no Conservatorio Profesional de Música na especialidade de guitarra, compaxinándoo con clases de diferentes mestres do ámbito do jazz como Felipe Villar, Gilad Hekselman ou Virxilio da Silva. Como compositor, foi ganador do 2º premio Xuventude Crea 2013 na disciplina de música. Na rúa Londres verémolo en formato trío xunto a Alex Touceda, contrabaixo e David Puime, batería.

Venda de entradas:

www.ataquilla.com / 902 504 500

Central de Espectáculos (Velázquez Moreno, 26)

Concertos de pagamento

-Salón de actos do MARCO: 3 € + gastos de xestión

-Auditorio Municipal do Concello: 5 € + gastos de xestión

Venda de entradas no mesmo día dos concertos

Nos despachos de billetes da sala do concerto desde unha hora antes do seu comezo

Máis información:

www.imaxinasons.com / www.vigocultura.org